



II PLAN DE RESCATE DA XUNTA DE GALICIA AUTÓNOMOS/AS E MICROEMPRESAS

AXUDAS	REQUISITOS	CONTÍAS
AUTÓNOMOS/AS	<ul style="list-style-type: none">— Estar de alta en autónomos. Para os autónomos de tempada: acreditar alta no RETA dun mínimo de 4 meses e un máximo de 6 durante cada un dos anos 2018 e 2019.— Descenso facturación de, polo menos, un 45 % entre 2020 e 2019.— Manter a actividade dous meses desde a publicación da orde (os de tempada, non).	<p>a) Descenso de facturación entre o 45% e 60%: apoio de 1200 €</p> <p>b) Descenso de facturación de máis dun 60%: apoio de 2000 €</p> <p>c) Descenso de facturación dun 70% ou máis: apoio de 3000 €</p> <p>As axudas reduciráanse ao 50% para autónomos/as de tempada.</p>
AUTÓNOMOS/AS E MICROEMPRESAS CON PERSOAL (así como as pemes de ata 25 traballadores/as que facturen menos de 2 mill de € e acrediten un descenso de facturación superior ao 60 %)	<ul style="list-style-type: none">— Descenso de facturación de, polo menos, o 45% no ano 2020, realizándose unha comparación entre os anos 2019 e 2020.— Excepcionalmente, poderán ser beneficiarias as empresas que teñan ata 25 persoas traballadoras e o volume de facturación non sexa superior a 2 mill de € (5 mill de € para pemes pertencentes á canle de distribución Horeca) e acrediten un descenso de facturación superior ao 60%.— Manter a actividade económica e o emprego durante 6 meses desde a publicación da orde de axudas.— As empresas creadas dende xaneiro ata abril de 2020 deberán acreditar o descenso de facturación media mensual por comparación entre o primeiro trimestre de 2020 e os tres trimestres restantes de 2020.	<p>a) Descenso de facturación entre o 45% e 60%: apoio de 4000 €</p> <p>b) Descenso de facturación de máis dun 60%: apoio de 5000 €</p> <p>c) Descenso de facturación dun 70% ou máis: apoio de 6000 €</p> <p>Esa cantidade incrementárase da seguinte forma:</p> <ul style="list-style-type: none">— De 4 a 9 traballadores/as: 1000 €— De 10 a 20 traballadores/as: 2000€— De 21 a 25 traballadores/as: 3000 €



INFORMACIÓN COMÚN

- As axudas son todas compatibles entre si e coas doutras administracións.
- Exímese as persoas ou entidades beneficiarias destas subvencións do requisito de estaren ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou á Administración pública da Comunidade Autónoma no momento da concesión da axuda e do pagamento do anticipo concedido, sempre que se dean as seguintes circunstancias (que deberán acreditarse mediante a declaración responsable):
 - Que o conxunto das débedas tributarias, coa Seguridade Social e coa Administración pública da Comunidade Autónoma, da persoa beneficiaria, teñan un importe inferior ao do anticipo que lle corresponda (80% da axuda concedida cun máximo de 14400€).
 - Que a persoa beneficiaria se obligue a poñerse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social, coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou respecto das débedas pola procedencia de reintegro, no prazo de 15 días naturais contados a partir do día en que reciba o anticipo, perdendo o dereito ao cobramento total ou parcial da subvención e debendo proceder ao reintegro do anticipo no caso contrario.
- Pagarase o 100% da axuda concedida nun só prazo cando se cumplan todos os requisitos. Se houber débedas pendentes coas Administracións, aboarase un 80% da axuda no momento da concesión e o 20% restante cando se comprobe o pagamento das ditas débedas.